

INSTRUCCIÓN PARA A SOLICITUDE DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS STEM EN LINGUA INGLESA, STEMweek, NO ANO 2018.

Publicada no DOG do 12 de xuño a *ORDE do 23 de maio de 2018 pola que se aproban as bases e se convocan axudas para a realización de actividades formativas STEM en lingua inglesa, STEMweek, no ano 2018, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos.*

Lembramos ás familias os datos máis salientables da mesma tendo en conta que as **axudas poderán ser solicitadas polos pais, nais ou titores legais**, no caso do alumnado menor de idade, ou polo propio alumnado se é maior de 18 anos.

Actividades de formación convocadas:

As **quendas**, lugar de celebración, datas, número de alumnos/as e cursos a que van destinadas as actividades que se convocan son:

Quenda	Lugar	Datas	Idioma	Nº de alumnos/as	Curso
1ª	CDR A Coruña	26 agosto-1 setembro de 2018	Inglés	100	3º ESO
2ª	CDR A Coruña	2-8 setembro de 2018	Inglés	100	4º ESO

O lugar onde se realizará esta actividade será o **CRD da Coruña** (Centro Residencial Docente, Burgo-Acea de Ama, s/n, Culleredo 15670), en réxime de **internado de domingo ao sábado** seguinte.

En cada quenda, o alumnado entrará o domingo entre as 18.00 e as 19.30 horas e sairá o sábado entre as 12.00 e as 13.30 horas. As **familias ou titores legais dos menores serán os responsables de levar e recoller** o alumnado ata o lugar de realización da actividade, e os gastos que isto ocasione serán a cargo deles. O **resto das actividades será gratuito** para o alumnado adxudicatario das prazas ofertadas.

Persoas beneficiarias:

Alumnado que estea a **cursar 3º ou 4º de educación secundaria obrigatoria**, en centros sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de réxime xeral, durante o curso 2017/18, na Comunidade Autónoma de Galicia. Cumprindo os seguintes requisitos:



- Ter superadas todas as materias no curso 2016/17. De ser adxudicada unha praza obxecto desta convocatoria a un/unha alumno/a de 4º de ESO que non teña superadas todas as materias do curso 2017/18, deberá renunciar a ela.
- Ter acadado no curso 2016/17 unha cualificación mínima de 6 na materia de inglés.
- Non ter concedida, no presente curso académico, outra axuda coa mesma finalidade.

Solicitudes, presentación e prazo.

O **prazo de presentación** das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. (*Ata o 12 de xullo de 2018*).

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (ED504G) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> pero Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Coa finalidade de dar unha explicación máis pormenorizada da actividade e resolver as dúbidas relacionadas coa convocatoria das familias interesadas na mesa convidámoslles a unha **reunión informativa o vindeiro xoves 14 de xuño ás 19:30 h** na aula de usos múltiples do IES Arcebispo Xelmírez II.